

O Partido Popular aproba os orzamentos do Concello de Redondela para o 2016 sen ningún apoio dos grupos da oposición

A pesar do voto en contra do Pleno Municipal, aproveitan unha lei aprobada polo PP de Rajoy para poder sacalos adiante unilateralmente e en minoría

Transcribimos a continuación case toda a intervención do concelleiro de AER encargado de defender a postura da Agrupación durante o pleno onde se debateron os orzamentos do 2016, Ricardo Figueroa:



Falaba Javier Bas na prensa de que tiña que "recabar apoios na oposición" para aprobar os Orzamentos, e falaba na Xunta de Voceiros que os traían a este pleno porque, visto o resultado dos anos anteriores... "mellor curarse en saúde". A cuestión é que veñen o 30 de decembro a aprobar estes orzamentos porque nas vindeiras 24 horas reunírase o goberno local en "Petit comité" e, en virtude dunha lei promulgada polo seu propio partido (vista as dificultades que ten o PP para chegar a acordos) darán por aprobados estes Orzamentos.

Saben de sobra que esta Agrupación non funciona ao ritmo que lle marca o PP. Tiveron todo o ano para concretar o novo Orzamento, pero veñen agora a correr pedindo consenso cando saben que non o precisan. Varios apuntes:

- **Orzamentos Participativos.** Volven traelos este ano do mesmo xeito que se fixo nos anos anteriores: co reparto lineal e adicados a inversión; cando hai catro meses que o pleno llos rexeitou por ese mesmo motivo. A súa proposta é que se comece a traballar nas modificacións para o 2017 pero a pesar de requirirlos estes anos, non fixeron caso.

- Solicitúselles en varias mocións **que sexa o Concello quen se faga cargo dos comedores nos períodos non lectivos!!!** En cambio, vos tedes amplían o convenio para que o faga Cáritas (que aínda non cobrou as cantidades deste ano). Por certo, este ano tamén houbo xente que non cobrou as axudas dos comedores escolares.

- Deciden de forma unilateral **acatar as mocións cando lles convén.**

- Pretenden modificar a **ordenanza de terrazas** porque parece que non está funcionando!!! Detivéronse en algún momento a ver que os cinco quioscos que temos no Concello pagan máis que as terrazas, ocupando unha cuarta parte do espazo público? Deixaremos á parte os reiterados incumprimentos desta ordenanza ós que dende o Concello fan a vista gorda.

- Os gastos específicos en partidas de **Servizos Sociais** caeron anualmente. Agora pretenden, e nós desexamos, modificar as Ordenanzas que as regulan.

- Asistimos abraiados ao repunte das subvencións nominativas! Parece que seguen a súa viaxe ao lado escuro da forza, representado polo anterior equipo de goberno, e que as súas **asignacións "a dedo"** fan mella no PP. Chama a atención a asignación de 10.000 á Asociación de Empresarios. Solicitamos por activa e por pasiva informes tanto á concelleira de Participación Cidadá como á propia Asociación de Empresarios, informes sobre o financiamento e a organización do Entroido de Verán. En palabras do seu presidente: "non tiña por que darnos información". Ante semellante talante democrático e vista a opacidade coa que se funciona entre o Concello e esta Asociación, dubidamos seriamente da finalidade deste Convenio. Lembramos como o PP e a Asociación de Empresarios pretenderon aprobar "pola porta de atrás" unha recalificación urbanística para crear un "parque comercial", e pensamos, aínda que queiran vendelo así, que esta asociación non é, nin por asomo, a representación dos empresarios/as, PYME's e autónomos/as deste concello.

Sobre o orzamento propiamente dito, resaltar que nas contas xerais dos últimos anos apreciamos unha tendencia, que se foi incrementando, a que a recadación sexa en torno aos 16.5 millóns de euros. Todo o que se ingresa a partir desa cifra está ligado a algún ingreso doutra Administración. O orzamento do 2014 contiña previsións de ingreso similares ás do orzamento do 2016 (18,5 millóns de euros); pois ben, na conta xeral dese ano apareceron recollidos como recadación neta 15.415.445,55€, e como pendentes de cobro a 31 de decembro 1.765.752,92€. Este ano non se ten prevista unha gran achega a excepción do crédito para a finca da Ginaria. Polo que teríamos que alcanzar os 18 millóns euros só coa recadación. Os Dereitos Recoñecidos Netos nos ingresos do 2015 eran a día 18/12/2015 de 17.280.000€, (con un ingreso do Marisma+ de 1.133.252€). Para o ano 2016 prevén recadar 18.5 millóns de euros; e **só en conceptos como o IBI, o lixo ou a taxa por utilización do subsolo, xa van 600.000 euros por enriba dos Dereitos Recoñecidos Netos**. Xa non facemos referencia aos ingresos reais, porque teríamos que falar dunha cantidade maior. Como tal, cremos que **este orzamento que nos presentan está inflado**. Do mesmo modo cremos que calquera pode facer un orzamento deste tipo.

Ben todo este "rollo" que acabamos de soltar é para que comprobades que **non acadaremos esa recadación que se pretende, co cal pasaremos directamente á parte de "non gastar"**.

E onde non gastaremos?

De todos eses investimentos que nos presentan no orzamento, só o referido o PXOM está iniciado. O resto son proxectos ou intencións que só coñece o PP, ó resto dos grupos presentáronnos na Xunta de Voceiros máis coma unha "xestión oral", estilo Arturo González, que como proxectos avanzados. Non é que dubidemos de que poidan facer esas inversións, no caso de ter financiación, se non de como o farán:

- 1.- **"NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE"**, SENDA PEONIL EN FORTÓNS (FASE I) E ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR E RECUPERACIÓN DO RÍO MACEIRAS, TRAMO FLORIDA-FORTÓNS (FASE II).
- 2.- **"NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE"**, ACOMETIDAS DE SANEAMENTO EN COLECTOR EXISTENTE NO LUGAR DE SOUTUXUSTO, O VISO, REDONDELA.
- 3.- **"NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE"**, ACOMETIDAS DE SANEAMENTO AO COLECTOR EXISTENTE EN TRASMAÑO, REDONDELA.
- 4.- **"NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE"**, FASE I URBANIZACIÓN CAMIÑO COSTOIA (TRAMO AV. DE VIGO A CAMIÑO SUBIDA CIDADELLE), CHAPELA, REDONDELA.
- 5.- **"NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE"**, MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS, REDONDELA.

A tendencia de Javier Bas a facer este tipo de contratacións sen publicidade é tan abusiva que xa sabemos de memoria os informes de Intervención, onde se avisa que se todas estas contratacións se fixeran con publicidade, aforraríanse moitas cartos.

Podería decidir o PP non gastar en investimento, pero se decidiron investir no Marisma + (que non era necesario), o normal sería que gastasen nestes investimentos que creen necesarios. Ademais, **ique sería de Javier Bas sen un sumidoiro, farol, piche ou tubaxe xunto ao que poder fotografarse!**. A iso non hai Alcalde ou deputado/a provincial que se resista. Polo tanto, e entendendo que como "bos políticos" non deixarán pasar a posibilidade de inaugurar, entendemos que volverán a faltar os cartos de onde os retiveron estes últimos anos.



Despois dunha iniciativa de AER (novembro 2011) incluíuse unha partida destinada á **eliminación das barreiras arquitectónicas no noso concello**. Destes catro anos que tiveron a posibilidade de utilizala, só nunha ocasión se utilizou, no 2013. Gastaron 27.000 € en remodelar uns pasos de peóns. No ano 2015 instalaron un ascensor no campo de Santa Mariña e agora orzamentan outro no parking da Xunqueira. Con esta partida, o que se pretendía era facilitar o tránsito nas vías públicas á veciñanza; pois nin se facilita nin existe ningunha intención por parte deste goberno municipal en facelo. Para ter levado unha persoa nas súas listas cunha seria discapacidade, teñen bastante pouca delicadeza. **XAMÁIS EXISTIU UN PLAN MUNICIPAL DE ACTUACIÓN** para adaptar as vías públicas, nin os parques, nin os xardíns. Non se adaptan as vías á normativa e as persoas con discapacidade seguen tendo as mesmas limitacións para transitar polo noso pobo que cando entrou o PP no 2011. Non avanzamos nada e "lavamos a cara" con ascensores (como o escangallado que segue alí sen usar na piscina de Redondela), que só disfrutan certos "sectores" da poboación.

O goberno local volve presentar uns orzamentos inflados, para despois gastar menos onde lle interesa e como lle interesa

- **Préstamo bancario.** É curioso que poucos meses despois das eleccións apareza nestes orzamentos unha previsión para un préstamo de 600.000€. Despois de andar a cacarexar na campaña que tiñamos un superávit dun millón!. Será que o gastaron sen darse conta? Ou será que se intentou facer ver á veciñanza que tiñamos un millón de euros do que realmente non dispoñemos?. Lembrarilles que o PP tamén dispuxo de parte dos créditos que solicitou o PSOE, 2.384.918,93 € no ano 2012; o que incrementou a débeda do Concello.

Para ser claros e tentar que non se lle quente a boca (máis) a algún ou algunha... **analizaremos para tod@s vostedes algún programa dos orzamentos aprobados** polo equipo de goberno, co voto en contra de tódolos grupos agás a abstención de Raquel Quintáns (concelleira non adscrita). Empezaremos polo tan cacarexado de **Servizos Sociais**. Primeiro é convinte que todo o mundo saiba que unha cousa é poñer números no orzamento e outra executar ese orzamento. Por exemplo, temos o que se puxo no 2014 para Servizos Sociais (prorrogado para 2015) e cal foi a súa execución. Despois dunha pequena modificación, -752,32€, quedou en 469.754,16 €. Pero, cales son as obrigas de gasto adquiridas a 18 de decembro de 2015? Pois 350.506,70€. **O cal supón que se gastou un 74,61% do que se orzamentou en Servizos Sociais.**

Claro que podería ser que o aforro estivera nos gastos correntes e de funcionamento, mentres que as partidas adicadas ás persoas con necesidade de axuda estiveran ben e completamente executadas. Pero vai ser que non. Compáren vostedes as partidas mellor e peor executadas respecto do orzamentado:

PARTIDAS MÁIS EXECUTADAS DE SERVIZOS SOCIAIS NO 2015 (ata 18/12/2015)

Nivel de execución en %	Partidas 2311A Servizos Sociais	Orzamentado	Gasto comprometido*
346,06	Mantemento, conservación vehículo servizos sociais	200,00	692,12
288,31	Outros Gastos diversos	600,00	1.729,84
167,03	Locomoción do persoal non directivo	300,00	501,08
143,76	Material de transporte	500,00	718,80
139,95	Reparación, mantemento e instalación	1.300,00	1.819,31
136,62	Alfabetización de adultos	6.000,00	8.197,34
95,35	Seguridade Social	60.773,90	57.950,53
95,11	Complemento específico	46.529,56	44.254,67
94,83	Retribucións complementarias persoal laboral fixo	32.512,11	30.831,27
92,58	Soldos do Grupo C2	16.757,16	15.513,84
91,62	Complemento de destino	34.280,68	31.406,81
91,15	Retribucións básicas persoal laboral fixo	25.813,04	23.528,55
91,04	Soldos do Grupo A2	38.719,56	35.248,46
86,91	Subministro enerxía eléctrica	3.000,00	2.607,43
75,66	Produtos alimenticios	500,00	378,32

* **Gasto comprometido** : indica o total de crédito que se comprometeu cun terceiro para a realización dun gasto.

PARTIDAS MENOS EXECUTADAS EN SERVIZOS SOCIAIS NO 2015 (ata 18/12/2015)

Nivel de execución en %	Partidas 2311A Servizos Sociais	Orzamentado	Gasto comprometido
60,50	Subvención programa lúdico balnearios	2.000,00	1.210,00
51,87	Subvención comedor escolar	22.000,00	11.412,43
49,91	Subvención emerxencia social	60.000,00	29.943,78
48,36	Convenio Xantar na casa	3.500,00	1.692,60
39,73	Actividades 3ª idade e prestacións sociais	36.270,58	14.408,64
32,82	Produtos limpeza e aseo - Servizos sociais	200,00	65,63

(continúa)

PARTIDAS MENOS EXECUTADAS EN SERVICIOS SOCIAIS NO 2015 (ata 18/12/2015)

Nivel de execución en %	2311A Servizos Sociais	Orzamentado	Gasto comprometido
23,44	Gastos de teleasistencia	2.500,00	585,92
18,75	Material informático non inventariable	1.300,00	243,75
15,97	Publicidade e propaganda	250,00	39,93
0,00	Prensa revistas e outras publicacións	100,00	0,00
0,00	Prevenición e reinserción. Drogodependentes	8.000,00	0,00
0,00	Ludoteca - ACTIVIDADES INFANCIA FAMILIA E CONCILIACION	20.000,00	0,00
0,00	Programas de apoio á inclusión social	4.000,00	0,00
0,00	Promoción do aluguer social	3.000,00	0,00
0,00	Programa acollida e integración da poboación inmigrante	2.000,00	0,00
0,00	Programa anual desenvolvemento pobo xitano	1.500,00	0,00
0,00	Gastos no programa de voluntariado	1.500,00	0,00
0,00	Subvencións servizos sociais	10.000,00	0,00

Pero non queremos ser malos. Pode que dende o 18 de decembro ata fin de ano executen máis. Polo que procede facer unha análise cuns orzamentos pechados, en concreto cos de 2014.

Empezamos polos datos globais: total orzamentado Programa 2311A Servizos Sociais: 497.707,93€; obrigas: 419.741,83; nivel de execución en 84,33%. Non semella que empecemos mal con ese nivel de execución. Pero se analizamos as partidas salientables, non de gastos ordinarios e outros, senón daqueles que van ás persoas directamente, temos:

Nivel de execución en %	Partidas 2311A Servizos Sociais	Orzamentado	Gasto comprometido
46,83	Alfabetización de adultos	6.000,00	2.809,70
76,00	Subvención programa lúdico balnearios	2.000,00	1.520,00
38,50	Subvención comedor escolar	22.000,00	8.470,43
33,74	Subvención emerxencia social	60.000,00	20.241,82
94,12	Convenio Xantar na casa	3.500,00	3.294,06
58,86	Actividades 3ª idade e prestacións sociais	40.000,00	23.542,70
44,34	Gastos de teleasistencia	2.500,00	1.108,53
86,50	Prevenición e reinserción Drogodependentes	8.000,00	6.920,00
80,96	Ludoteca - ACTIVIDADES INFANCIA FAMILIA E CONCILIACION	20.000,00	16.192,00
0,00	Programas de apoio á inclusión social	4.000,00	0,00
0,00	Promoción do aluguer social	3.000,00	0,00
0,00	Programa acollida e integración da poboación. inmigrante	2.000,00	0,00
0,00	Programa anual desenvolvemento pobo xitano	1.500,00	0,00
0,00	Gastos no programa de voluntariado	1.500,00	0,00
100,16	Subvencións servizos sociais	10.000,00	10.015,80
50,60	TOTAL	186.000,00	94.115,04

Ou sexa, que se executa a metade, o 50%, do orzamentado nestas partidas. Tamén no 2014 presuían de ter incrementado o orzamento en Servizos Sociais, cousa que xa ven sendo un "mantra" do PP. Claro que, coa mesma regularidade, non gastan o que comprometen nestas partidas tan importantes de Servizos Sociais. Este ano temos un incremento da partida de emerxencia social en 20.000€ (de 60.000 a 80.000) sen que nestes dous anos se chegara a executar nin a metade do orzamentado (ver táboas). Xa veremos onde van parar eses cartos. Tamén temos un incremento en soldos de 8.400€ e 13.000€ no "apoio á inclusión social", pero que como podemos ver nas táboas, non se gastou nin un só euro no 2014 nin no 2015. Cando acabe o 2016, volveremos falar do tema. Polo de pronto "*parole, parole, parole, parole, parole, soltanto parole, parole tra noi ...*"

Por certo, ¿falaron do incremento na partida de "Promoción Cultural"? Ano 2014, orzamentado: 561.119,77€, Gastado: 600.258,06€. Ano 2015, Orzamentado: 497.987,13€, Gastado: 599.546,83€; ¡VIVA, **AQUÍ SI QUE GASTAMOS MÁIS DO ORZAMENTADO!** E PARA O 2016 TAMÉN SUBIMOS, E SUBIMOS BASTANTE, ATA: 823.327,35 €. ¡VIVA EL VINOOOOOO!. Pero este será outro capítulo...